

CIRCULAR PIOLLOS 2020-2021

O motivo da presente circular é informarlles de que **temos detectado, nos últimos días, presenza de piollos en algunhas alumnas e alumnos.**

Aínda que **non se trata dun número elevado de casos** é convinte dar algunhas pautas de prevención e tratamento. A presenza de piollos é unha circunstancia habitual nos centros escolares, que non está relacionada coa suciedade e que debe tratarse con naturalidade.

PREVENCIÓN:

- Revisar periódicamente a cabeza da vosa filla ou fillo.

DETECCIÓN:

- O principal síntoma de piollos na cabeza son os picores, aínda que a veces pode non manifestarse deste xeito, polo que unha revisión visual é sempre imprescindible.



TRATAMIENTO:

- **Eliminar** piollos e lendias.
- O piollo elimínase con tratamento de farmacia seguindo as instrucións do fabricante. As lendias quedan suxeitas ao pelo e deben eliminarse con peites específicos denominados “lendieiras”.
- **Retirar** piollos e lendias mortas. Para isto recoméndase un peite para lendias (“lendieira”) ou peite de púas estreitas. Ademais existen produtos especificamente desenvolvidos que facilitan a eliminación mecánica a base de ingredientes que disolven a substancia que fai que as lendias resulten tan difíciles de extraer.

IMPORTANTE: Ningún produto elimina ao 100% as lendias. Por iso recoméndase repetir o tratamento aos 7 días, tempo necesario de incubación necesario para que os ovos volvan a eclosionar e converterse en piollos.

PROTEXER DE NOVOS CONTAXIOS:

- Hai que lavar con auga moi quente a roupa de uso habitual que puido estar en contacto co pelo: gorros, sabas, almofadas, toallas,... e lavar con auga e un pouco de amoníaco os cepillos, peites, ...
- Recoméndase utilizar un produto repelente sempre que exista risco de contaxio.
- Evitar o intercambio de peites, cepillos, gorras, toallas mentres exista risco de contaxio.
- Lembra que avisando ao colexio axúdanos a previr o contaxio.

Grazas pola vosa colaboración

A dirección.